

pre-texto 62



Dende a Programación Expandida do TRCDanza 2020 e con motivo da presentación de “O que segue” de Cristina Balboa o vindeiro 26 de xuño de 2020 no Teatro Rosalía de Castro de A Coruña, convidamos ao poeta Estevo Creus á elaboración deste Pre-Texto.

Estevo Creus é poeta. Ten publicado numerosos libros de poemas (Poemas da cidade oculta, Areados, Teoría do lugar, Decrúa, Facer merzbau non ou posible?, O Libro dos Cans, Baleaz, O Lugar que non Hai) e relatos como E a catro patas quilómetros e Alguen Matou a Bambi. Aparece en varias antoloxías poéticas e é coordinador e tradutor do libro Dicir unha illa, do IV seminario internacional de tradución poética Illa de San Simón. Como artista, participa en numerosas actuacións e accións poéticas, entre as que destacan: No lugar do Lugar, xunto ao músico e compositor Pablo Seoane, e diversas performances e iniciativas da man de Non OU edicións. Foi membro do Batallón Literario da Costa da Morte, da Editora de poesía Letras de Cal, do Grupo de teatro Talía, e do movemento Sufato, dentro da Asociación Patafísica do Atlántico.

Estevo Creus sobre Cristina Balboa.

Isto non é unha cita.

*“La reproducción prohibida”
(Retrato de Edward James, 1937)
René Magritte*

Vou tentar non falar de Cris nin do seu traballo. Tanto ela, como o que fai, teñen unha boca propia que se sabe dicir. E adianto, para min, un dicir precioso, auténtico, intelixente, irónico...algo máis parecido a un corpo, unha orella, un tic dentro dun ollo que pregunta cal é a pregunta? ou a pregunta é faise?

Todo o que eu puidera dicir ao respecto, non sería máis ca unha especie de ringleira de palabras na procura do despiste da súa propia natureza, para poder, así, sentirse como o que non son: unha sorte de alma ou verdade que respira. Quizais toda argumentación non sexa máis ca iso. Un proceso de despiste, un xogo perverso e precioso da linguaxe para non saberse linguaxe e verse carne. Algo parecido á sorpresa dese boneco de goma que se aparece no centro do salón; e se persigna.

Se tivera que dicir algo, diría, que Cris sabe das palabras e das súas trampas. Para min, unha das cousas máis interesantes do seu traballo é precisamente iso, a súa capacidade de empregar maxistralmente a linguaxe para ir na contra da propia linguaxe e desvelar os maleficios. E todo feito dende unha “aparente” lixeireza e inocencia. Como quen sabe que na superficie das cousas está a profundidade, ou que os significantes son significados. O corpo, o ollo, a orella, o movemento sabe, produce pensamento alén do pensamento proposicional. Nada do que fai Cris é “aparente”, e nada é sinxelo aínda que o pareza. Ese, para min é un dos seus múltiples acertos. Saber moito sen pretender que se sabe.

Quizais a chave estea aí. No senso de que Cris apréndenos que o coñecemento non é un sólido, senón máis ben un proceso, unha pregunta que se pregunta ou como?

Perdoade. Eu non quería falar desta maneira. Nada do que estou a dicir, di, e o que é peor, nada serve para facer xustiza ao seu magnífico traballo. Máis aínda, creo que o que estou a facer é o contrario ao que pretendía. Na contra de aclarar, enlamo, e na contra de transmitir entusiasmo para incitar a quen lea a acudir aos seus espectáculos, estou a crear un muro mesto e pesado que arredaría ata ao espectador máis entusiasta. De verdade, eu normalmente non falo así. Eu non son así. Non me recoñezo. Crédemme. Síntoo moito por ti, Cris. Aprecio e gusto tanto do teu traballo, que supoño que me venceu a responsabilidade de dicir algo ao xeito. Pásame cando teño que escribir sobre alguén que admiro. Pásame sempre. Entro en barrena e quedo paralizado ante o abismo que se abre no desexo de dicir. Quen me coñece sabe que é certo o que digo. Que para nada este “agora” supón unha estratexia ou un recurso estilístico. Dóome. Inténtoo de novo unha e outra vez. Fago múltiples versións dun mesmo discurso. E xa van catro. Sego buscando. Empezo o que segue

Achegarse a un espectáculo de Cris Balboa é achegarse a algo que é auténtico. Alén de que poda gustar máis ou menos, asegundo os gustos de cada quen, sempre hai verdade. Cris é Cris interpretándose, buscándose, falando dela, pero ao tempo, e sen querer ou querendo, falando de min, e de ti, e de todos nós. Ese boca a boca que arras-tramos-mos. Supoño que hai trampas, claro. As propias trampas que comporta o propio proceso de observarse e tentar entender. Trampas non buscadas, senón apareci-das e consustanciais ao propio proceso de ser suxeito que mira e obxecto mirado. Cris fai, para min, algo increíble e maravilloso. Por unha beira, explícita a trampa, captura o seu retrato (o da trampa, non o dela) e ao tempo, amosa a propia imposibilidade de abordar o ser e o seu propio reflexo. Amósanos o único que se pode facer, a busca e as súas posibles derivas. Presenta o proceso. Todo é verdade. Sen cartón.

Non o teño claro, mais os traballos de Cris lévanme a pen-sar ou sentir que a dicotomía “eu que observa-eu observa-do” ou “creador-obxecto creado” non se sostén. Viaxo ao través da memoria da especie e de como o emprego de ferramentas transforma física e mentalmente aos que as empregamos. Penso no medio social, creado por nós, pero creador dun nós. Vexo a Cris, e penso en que ela parece presentarse como se foran dúas suxeitas creadas ou dúas obxetas que se miran coa cara das obxetas. Non hai un “alguén” que crea? todo é creado?. Non hai un alguen que mira? todo é obxecto mirado?. Unha mazá que mira cos ollos dunha mazá, un boneco de trapo que mira cos ollos de trapo. Non sei.

O problema do mirar e mirarse, se o hai, non é a integra-ción do experienciado e do vivido. O problema, se o hai, son as súas metades.

Cris Balboa é unha verdadeira animala creadora. É a súa natureza. Leva anos traballando no desvelo do seu propio misterio e facendo dese misterio Arte en maiúsculas. Con-segue falar de todos nós falando dela, dos seus conflitos e pesares, e da súa/nosa imposibilidade de atopármonos na certeza do saber. Di do mundo, da arte, da sociedade, da precariedade da nosa xeración sen aparentemente dicir. Pero sobre todo, aborda as preguntas máis importantes e universais que quizais poidamos formular: ¿como co-ñecemos? O que coñecemos, é real, ou é simplemente un dos moitos posibles relatos de ciencia ficción que nos contamos e contamos aos outros para dar sentido á expe-riencia? Todo é conto? E se o é, quen escribe o conto e quen elixe o conto? E todo isto, dende a ironía, a beleza, o humor, a intelixencia, e esa “aparente” lixeireza de habitar as superficies.

Asistir a unha creación de Cris Balboa é sempre un pracer que se goza por moitos sentidos e canles. Fai poesía, músi-ca, imaxe, movemento. Porque ela traballa así. Derraman-do fariña para facer visible o aire. Posibilita a aparición do seu corpo e dos outros corpos nas butacas, enfariñados. Posibilita o mirar, non mirarte.

Isto non é unha pipa.
Estevo Creus.

pre-texto número 62, publicado o 23 de xuño de 2020.

Este texto foi escrito por Estevo Creus para o Proxecto de Pro-gramación Expandida do TRCDanza 2020 e a súa liña de pu-blicacións denominada “PreTextos” na que un profesional é convidado a poñer en contexto a obra dun determinado artista convidado ao programa TRCDanza, o programa estable de dan-za do Teatro Rosalía de Castro de A Coruña.